

INSTRUCCIÓN 3/2021, DA SECRETARÍA XERAL DE UNIVERSIDADES PARA INICIAR O PROCEDEMENTO DE AVALIACIÓN INTERMEDIA DO RENDEMENTO DO CENTRO DE INVESTIGACIÓN EN TECNOLOXÍAS DE TELECOMUNICACIÓN (atlanTTic)

A Orde do 19 de setembro de 2019, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das axudas para a acreditación, estruturación e mellora de centros de investigación do Sistema universitario de Galicia, cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (Feder), no marco do programa operativo Feder Galicia 2014-2020, para o ano 2019 (DOG núm. 182, do 25 de setembro de 2019), establece no seu artigo 19 que "aquelas unidades que obtendo a axuda tivesen unha cualificación D terán que someterse a unha avaliación intermedia do rendemento antes da última anualidade, sendo preciso obter unha cualificación positiva nesta fase para acceder á última anualidade da axuda".

Na resolución do 13 de decembro de 2019 da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional pola que se concede á Universidade de Vigo con destino ao Centro de Investigación en Tecnoloxías de Telecomunicación (atlanTTic) a axuda da Orde do 19 de setembro de 2019, no seu punto terceiro establece que "o centro de investigación por obter unha cualificación D terá que someterse a unha avaliación intermedia do rendemento antes da última anualidade, e será preciso obter unha cualificación positiva nesta fase para facer efectiva a última anualidade da axuda. Para este fin a Secretaría Xeral de Universidades poderá emitir instrucións para unha mellor definición destes procedementos se o considera oportuno. Na avaliación terase en conta entre outros criterios, os indicadores que figuran na memoria descriptiva da solicitude."

Tendo en conta todo o anterior, esta secretaria xeral de universidades dita a seguinte instrución:

1. Iniciar o procedemento que permita a avaliación intermedia do rendemento do Centro de Investigación en Tecnoloxías de Telecomunicación (atlanTTic).
2. A avaliación levarase a cabo por persoal avaliador externo ao Sistema universitario de Galicia, experto e de recoñecido prestixio nas áreas científicas sobre as cales o centro desenvolve a súa actividade, baixo os principios xerais de obxectividade, independencia e calidade da avaliación.



3. Requirirlle ao centro atlantTic a documentación necesaria para realizar a avaliación intermedia, que deberá remitir a Secretaría Xeral de Universidades por medio da sede electrónica da Xunta de Galicia a través do procedemento ED431G, no prazo de 10 días a contar desde o día seguinte a notificación da presente instrución.

4. A documentación necesaria estará integrada por:

- Cadro de indicadores: folla de cálculo coa actualización dos indicadores, incluídos na solicitude da axuda, alcanzados no ano 2020 e no 2021, neste último caso referidos ao 30 de outubro.

- Información sobre cuestións de desempeño do centro consideradas como críticas no seu desempeño no período.

5. O informe elaborado polo panel avaliador terá as seguintes cualificacións:

- positiva: se poderá acceder ao último ano da axuda. A avaliación positiva poderá ir acompañada de recomendacións do panel avaliador que o centro deberá de observar no seu desempeño futuro.

- negativa: dará lugar a aplicación do artigo 25 da Orde do 19 de setembro de 2019 (incumprimentos, renuncias, reintegros e sancións)

Santiago de Compostela (data/sinatura dixital)

O secretario xeral de Universidades

José Alberto Díez de Castro

